



BASES PARA SELECCION MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS DE 1 TRABALLADOR/A COMO LIMPADOR/A NO CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA

1.- OBXECTO, MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO

O obxecto das presentes bases é regular polo sistema de concurso de méritos a contratación laboral temporal de un/unha (1) traballador/a para o servizo de limpeza para cubrir as vacacións da titular. O expediente de contratación foi iniciado por Providencia do 5 de xullo de 2023.

Subscribirase un contrato laboral para os seguintes períodos:

- Do 1 de agosto ata o 18 de agosto de 2023, ámbolos dous incluídos.
- Do 1 de decembro ata o 21 de decembro de 2023, ámbolos dous incluídos.

A retribución bruta será de 1.080,00 €/mes + parte proporcional da paga extra.

2.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

a.) Ser español. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán accede-los nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan as condicións de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe – igualmente sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, os estranxeiros que se atopen residindo en España, de conformidade co previsto no artigo 10.2 do vixente Lei Orgánica de Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España.

b.) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c.) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

d.) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e.) Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f.) Titulación mínima requirida: título de graduado escolar ou equivalente, ou ben estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

g.) Coñecemento da lingua galega. De acordo ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por



parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da devandita Lei incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do Celga 2, título superior ou equivalente, deberá superar unha proba escrita sobre o coñecemento do idioma galego.

3.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES.

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o CONCURSO DE MÉRITOS.

Teráanse en conta, como méritos que aducirán os solicitantes, os que seguidamente se indican coa seguinte puntuación:

A).- Experiencia profesional.- Máximo 5,00 puntos

- Servizos prestados na Administración Pública relacionados coas funcións propias da praza que se convoca 0,10 puntos por mes traballado.
- Servizos prestados en empresas privadas relacionados coas funcións propias da praza que se convoca 0,05 puntos por mes traballado.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Os períodos fraccionados valoraranse proporcionalmente á puntuación dada por mes traballado (meses de 30 días).

Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse para a súa valoración, exactamente, do seguinte xeito:

- Os Servizos prestados na Administración pública, mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflicta o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas ou mediante a presentación do modelo oficial da vida laboral aos que deberán acompañar, inescusablemente, os contratos de traballo debidamente rexistrados no INEM.
- Os Servizos prestados en empresas privadas ou públicas, mediante presentación do modelo oficial da vida laboral aos que deberán acompañar, inescusablemente, os contratos de traballo debidamente rexistrados no INEM.

En todo caso dos referidos documentos deberá desprenderse o posto de traballo que desempeñaba o interesado especificando as funcións e tarefas realizadas.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas.





B).- Formación complementaria.- Máximo 3,00 puntos

Pola realización de cursos de formación impartidos ou homologados pola Administración ou Organismo público correspondente que se consideren relevantes para a praza que se opta ou que posúan relación coas funcións a desenvolver, exceptuando xornadas, seminarios, conferencias... ata un máximo de 3,00 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- Por cada curso de 20 a 50 horas: 0,25 puntos.
- Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso de 101 a 150 horas: 0,75 punto.
- Por cada curso de máis de 150 horas: 1,00 puntos

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entederase que teñen menos de 20 horas e, polo tanto, non serán valorados.

Admítense tamén os cursos onde apareza a referencia de Acordos Nacionais de Formación Continua, por estar financiados polo FSE.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente algún dos módulos que compoñen o curso estea relacionado co posto ó que se pretende optar.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia cotexada do diploma expedido pola entidade organizadora de ter finalizado con aproveitamento o curso; no suposto de que o curso non se rematara por abandonalo por colocación, ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en función das horas asistidas.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación da formación complementaria. Se aínda así continúa o empate, procederase á realización dun sorteo público para determinar a orde de puntuación.

5. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no prazo dos **cinco días hábiles** seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (<http://www.chandrexa dequeixa.es/index.php/gl/>), no Rexistro Xeral do Concello de Chandrexa de Queixa (Celeiros s/n, 32786 Chandrexa de Queixa) en horario de 9:00 a 14:30 horas, de luns a venres, previa cita concertada no número de teléfono 988334000 ou a través da Sede Electrónica desta entidade local.

Tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante correo electrónico á dirección: concello.chandrexa dequeixa@eidolocal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.** Se o quinto día é festivo o prazo finaliza o seguinte hábil.

As solicitudes axustaranse ao modelo que se inclúe nesta convocatoria como Anexo I.

No caso en que se opte por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achegue nas distintas fases do procedemento ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, segundo establecido no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais.



Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI, ou documento que proceda para cidadáns dalgún estado membro da Unión Europea.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Anexo II.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Fotocopia compulsada do título do Celga 2, título superior ou equivalente, no seu caso.
- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dun traballador destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ó primeiro deles e soamente poderá seleccionar ó seguinte a este, sempre e cando aquel rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ó seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada da bolsa non xustifique a documentación requirida no punto oitavo das presentes bases, quedando excluído definitivamente da bolsa. A vixencia da presente bolsa de traballo será até o 21 de decembro de 2023.

6.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, dous vogais e un secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, os que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O presidente do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario, esta última persoa sen voto.



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

7. PROCESO DE SELECCIÓN.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos e excluídos, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos e excluídos. O tribunal valorará os méritos alegados polos candidatos presentados, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello.

8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O/a candidato/a seleccionado será contratado en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha. O acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, para coñecemento de tódolos aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na lexislación vixente.

RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Chandrexa de Queixa, a 5 de xullo de 2023.

O Alcalde

Asdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez.

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases compostas por 5 follas seladas foron aprobadas polo decreto do alcalde do cinco de xullo de dous mil vinte e tres.

A Secretaría

Asdo.: Laura Otero Ortega



**CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA**

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA.

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS DE 1
TRABALLADOR/A COMO LIMPADOR/A NO CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA COMO
PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

DATOS PERSOAIS			
PRIMEIRO APELIDO			
SEGUNDO APELIDO			
NOME			
DNI			
TELÉFONO PARTICULAR		TELÉFONO MÓBIL	
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
MUNICIPIO		CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA			
CORREO ELECTRÓNICO			

DECLARO:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 3) Que autorizo ó Concello de Chandrexa de Queixa para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a na convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

En Chandrexa de Queixa, a de.....de 2023

Asdo.:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA (OURENSE).



Tratamiento de datos de usuarios/solicitantes administración general

Responsable: CONCELLO CHANDREXA DE QUEIXA

Finalidad: Prestar los servicios solicitados por el usuario. Ejercicio de las competencias asumidas por el Ayuntamiento y mantener la relación con el administrado.

Legitimación: Reglamento general de protección de datos art. 6.1.c
Ley 39/2015 de 1 octubre, del Procedimiento administrativo Común de las administraciones públicas.

Destinatarios: Administración pública competente en la materia relacionada con el servicio solicitado.

Derechos: Tiene derecho a acceder, rectificar y suprimir los datos, así como otros derechos, indicados en la información adicional, que puede ejercer dirigiéndose a la dirección del responsable del tratamiento o enviando un correo electrónico a concello.chandrexadequeixa@eidolocal.es

Procedencia: Propio interesado o representante

Información adicional: Puede consultar información adicional y detallada sobre Protección de Datos aquí: www.chandrexadequeixa.es

Para realizar el tratamiento de los datos descritos, el responsable de tratamiento necesita su consentimiento explícito. El interesado consiente el tratamiento de sus datos en los términos expuestos:

Nombre y apellidos: _____ DNI: _____

Firma y fecha

Información básica sobre Protección de datos

Información básica Reglamento General de Protección de datos RGPD UE 2016/679. Responsable: CONCELLO CHANDREXA DE QUEIXA; Finalidad: Prestar los servicios solicitados por el usuario. Ejercicio de las competencias asumidas por el Ayuntamiento y mantener la relación con el administrado; Legitimación: RGPD artículo 6.1.c) y Ley 39/2015, de 1 octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas; Destinatarios: Están previstas cesiones de datos a: Administración pública competente en la materia relacionada con el servicio solicitado; Derechos: Tiene derecho a acceder, rectificar y suprimir los datos, así como otros derechos, indicados en la información adicional, que puede ejercer dirigiéndose a la dirección del responsable del tratamiento o enviando un correo electrónico a concello.chandrexadequeixa@eidolocal.es; Procedencia: Propio interesado o representante; Información adicional: www.chandrexadequeixa.es



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dña..... provisto/a de DNI nº.....,
con domicilio na r/..... núm. piso..... C.P.....
Localidade,.....Municipio.....Provincia.....
Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

En Chandrexa de Queixa, a de.....de 2023

Asdo:.....



Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

— — — — —